

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE ABRIL DE 2019**

**LICENZAS**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1471/2018.- SIVENVI, S. L.-** Conceder licenza de obras de legalización de nave industrial destinada a carpintería metálica na rúa Vía Diesel, 20 R.

**SEGREGACION.-**

**LIC/469/2017.- CARMEN SÁNCHEZ GARABAL.-** Aceptar a cesión de viario realizada e conceder licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Folgoso, 21.

**DESFAVORABLE.-**

**LIC/605/2018.- ESTHER VÁZQUEZ CARBIA.-** Iniciar procedemento de declaración de ineficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 2 de novembro de 2018 segundo o auto do 28/09/2018 do Xdo. Contencioso/Admtvo. Nº 1 de Santiago de Compostela para executar obras de reforma da edificación sita na rúa Foxeira nº 3 que inclúen a derruba e posterior reconstrución da cuberta á altura licenciada, conceder á interesada un prazo de dez días de audiencia previa declaración de ineficacia da licenza concedida e dar traslado do acordo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela para a súa constancia.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de legalización de nave industrial destinada a carpintería metálica na rúa Vía Diesel, 20 R. LIC/1471/2018.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario realizada e conceder licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Folgoso, 21. LIC/469/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio do procedemento de declaración de ineficacia da licenza concedida na sesión de 2.11.2018 segundo o auto do 28/09/2018 do Xdo. Contencioso/Admtvo. Nº 1 de Santiago para obras de reforma da edificación sita na rúa Foxeira nº 3, que inclúen a derruba e posterior reconstrución da cuberta á altura licenciada; conceder á interesada un prazo de dez días de audiencia previa declaración de ineficacia da licenza concedida, e dar traslado do acordo ao dito Xulgado para a súa constancia. LIC/605/2018.** Apróbase a proposta.

**5 a 61.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.

**62.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das "Obras de reparación da calzada Espírito Santo".** Apróbase a proposta.

**63.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)".** Apróbase a proposta.

**64.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á aprobación do expediente de "Subministración de material de oficina para o Concello de Santiago de Compostela. LOTE I.: Material consumible de oficina. LOTE II.: Folios, sobres e carpetas coa imaxe corporativa do Concello"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Próbese a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 55.686,3 euros/ano para o Lote I e de 12.127,37 euros/ano para o Lote II, IVE incluído.

**65.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.** Apróbese a proposta.

**66.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Animal relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a fundación REFUXIO DE ANIMAIS para 2019, e da realización dos ingresos a favor desta.** Apróbese o convenio, polo que o Concello achegará 200.000 euros á Fundación Refuxio de Animais en concepto de transferencia, e mediante catro achegas trimestrais por importe de 50.000 euros cada unha.

**67.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á aprobación da solicitude feita á Deputación Provincial da Coruña da subvención para a programación da Rede Cultural 2019.** Apróbese a solicitude dunha subvención de 7.172,82 euros á Deputación da Coruña para o financiamento da programación da Rede Cultural 2019, á que o Concello achegará 16.736,58 euros.

**68.- Dar conta da corrección de erro no punto 2 da sesión de 22.3.19, de cesión da praza nº 13 do aparcamento da rúa Romero Donallo.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á prórroga do contrato do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria.** Autorízase a prórroga anual do contrato de xestión do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria, explotación e puntos limpos e mantemento de contedores e papeleiras de Santiago, formalizado coa empresa Urbaser, polo período dun ano a contar desde o 11 de abril de 2019 ata o 10 de abril de 2020. Recoñécese a actualización dos prezos do contrato de referencia aplicando o IPC interanual de decembro de 2017 a decembro de 2018 nun 1,20 por cento do canon para todo o ano 2019, que ascende a 7.985.482,20 euros, IVE incluído.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á aprobación do proxecto corrixido de mellora e acondicionamento do local sociocultural da Grixoa e a súa inclusión dentro do POS + 2019 da Deputación da Coruña.** Apróbese o proxecto corrixido, que non supón variacións na finalidade do proxecto ni no orzamento global do mesmo.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela".** Apróbese o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 83.621,69 euros/ano, IVE aparte.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á reanualización do proxecto de subministración e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago.** Apróbese a proposta.